

# **PLAN DIXITAL**

**15018203 CPI DE BEMBIBRE**

**XUÑO 2022**

## Sumario

Introducción.....	3
Contextualización do plan dixital do centro.....	3
Incardinación e contribución ao Proxecto Educativo de Centro.....	3
Relación con outros Plans e Proxectos do centro.....	3
Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual.....	4
Xustificación.....	4
Proceso de elaboración.....	5
Situación de partida.....	6
Análise da situación.....	6
Autoavaliación SELFIE.....	11
Resultados do test de competencia dixital docente.....	13
Análise DAFO.....	15
Plan de acción.....	19
Obxectivos, indicadores e actuacións.....	19
Necesidades de equipamento e infraestructuras tecnolóxicas.....	24
Avaliación do Plan Dixital.....	24
Difusión do plan.....	25

# Introducción

## Contextualización do plan dixital do centro.

O CPI de Bembibre é un centro rural situado no concello de Val do Dubra. A súa proximidade á área urbana de Santiago permitiu o transvase de man de obra do sector primario ós restantes sectores de actividade, en especial a construción (22%) e os servizos (30%). Pese a elo, a base da economía continúa sendo o sector agropecuario, onde a mellora e modernización das súas explotacións gandeiras e consecuentemente a súa maior rendibilidade económica permitiu mellorar notablemente o nivel de vida das súas xentes.

Na industria unicamente se pode falar de pequenos talleres e fábricas de confección que aproximadamente dan emprego a un 6% da poboación activa.

A construción ten unha maior importancia, tanto pola poboación activa como polo número de empresas que hai no termo. Igualmente ocorre co sector terciario, que se localiza no núcleo de Bembibre, onde se concentran os servizos educativos, sanitarios, administrativos, comerciais e de hostalería.

O CPI de Bembibre é un Centro Público Integrado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que está ubicado no concello de Val do Dubra (A Coruña). Impartimos docencia en Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

## Incardinación e contribución ao Proxecto Educativo de Centro.

O Plan Dixital do noso centro supoñerá unha transformación importante nos aspectos que recollen os documentos de xestión e organización do centro, estando moi presente no Proxecto Educativo de Centro (PEC), que é o referente que establece os rasgos de identidade do noso centro educativo, en relación aos obxectivos xerais e estrutura organizativa e de funcionamento.

A través da súa vinculación co PEC queremos establecer as liñas básicas de traballo para converter o centro nunha organización dixitalmente competente, establecendo un plan estratéxico que inclúa obxectivos e medidas concretas para promover esa transformación dixital, diversificada en diferentes ámbitos como son o da ensinanza e aprendizaxe, o da organización e o da comunicación e información.

## Relación con outros Plans e Proxectos do centro.

O futuro Plan Dixital servirá de eixe a outros plans e programas presentes no centro que teñen como obxectivo a innovación educativa e a utilización das TICs no proceso de ensinanza aprendizaxe.

Neste sentido, aínda que nos últimos cursos participamos en diferentes programas de innovación educativa, consideramos que a través das accións recollidas no Plan Dixital, temos que potenciar a nosa participación, tanto no número como na calidade destes.

Actualmente participamos nos seguintes programas e proxectos de innovación educativa:

- Proxecto Abalar.
- Plan Proxecta con dúas actuacións de Innovación Educativa: “Proxecto de vida activa e saudable” e “Paisaxe e sustentabilidade”.
- Proxecto E-Twinning.
- Programa de auxiliares de conversa

Como impulso ao Plan Dixital, para o curso 2022/23, temos como obxectivo prioritario conseguir que o centro pase a formar parte da rede E-dixgal no curso 2023/24.

Ademáis dos proxectos anteriores cada curso elaborase o Plan TIC, que a partir do próximo curso lóxicamente estará vinculado ao Plan Dixital de centro.

## Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual.

O Plan Dixital de centro suporá cambios na elaboración da PXA para o próximo curso 2022/23, xa que as actuacións recollidas neste formarán parte dela. Uns dos obxectivos prioritarios será a implementación do Plan Dixital durante o curso, intentando que as accións programadas e a súa periodización sexan as establecidas no propio plan. Neste sentido, e tendo en conta que dúas das accións máis importantes do Plan Dixital son a dixitalización das comunicacións internas e externas do centro, a PXA recollerá a elaboración dun Plan de Comunicación que regule estes procedementos.

## Xustificación.

Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Regulamento (UE) 2021/241 do parlamento europeo e do consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o mecanismo de Recuperación e Resiliencia

## Proceso de elaboración

Para levar a cabo a tarefa de deseño do Plan Dixital (PD) creouse un equipo de Dinamización do Plan Dixital (DPD). Decidiuse que o equipo fora pequeno para poder intercambiar ideas de xeito áxil. O equipo está formado por:

Diego Sotelo. (Coordinador)

Miguel A. Abarca (Director do centro)

Ana D. Rodríguez (Xefa estudos ESO)

Carina Sánchez (Xefa Departamento Francés)

X. Manuel Varela (Xefe estudos Primaria)

Carolina Vidal Fernández (Secretaria)

Para desenvolver as diferentes tarefas a Consellería de Educación propuxo a creación dun PFPP no que participamos o mesmo equipo de DPD. Este PFPP de 20h tiña docencia online relativa a dous dos puntos máis novedosos: a análise DAFO e a elaboración das táboas de obxectivos e accións.

Pola nosa banda, desde o centro creamos un curso na AV para intercambiar toda a información aportada desde fóra e todos os documentos que íamos elaborando. Ademais desto empregáronse diferentes ferramentas corporativas:

- Correo electrónico.
- AbalarBox ferramenta de almacenamento na nube con posibilidade de edición integrada que a Consellería pon a disposición da comunidade educativa. Permite traballar varios usuarios sobre o mesmo documento.
- Agueiro. Portafolio onde os mentores (grupo de docentes con formación e adicación exclusiva ao Plan Dixital) ían colgando diferentes materiais, documentos, modelos,... A este Agueiro só o coordinador do equipo de DPD tiña acceso.

As reunións ,recollidas nas actas do PFPP, eran logo da xornada lectiva en sesións de dúas ou tres horas. Houbo un total de 20 horas de adicación, das que 4 foron de docencia por videoconferencia.

Someramente, o proceso de elaboración seguiu os seguintes pasos:

1. Formación do Equipo de DPD
2. Enquisa SELFIE
3. Test de Competencia Dixital Docente
4. Análise DAFO da situación do centro
5. Elección dos puntos máis importantes do DAFO
6. Selección de obxectivos e actuacións para levarlos a cabo.

# Situación de partida

## Análise da situación

Somos centro Abalar desde o curso 2011-12. As aulas Abalar son 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO: Aulas dotadas de cañón, PDI, ordenador de profesor e un ultraportátil para cada alumno. Estes ultraportátiles están obsoletos e unha das prioridades é o seu cambio por outros equipos máis modernos.

Como centro público integrado os/as alumnos/as empezan con nós aos tres anos de idade e rematan con 16 anos en 4º ESO. Isto permítenos ter un seguimento e unha homoxeneidade no uso da TIC durante un período de tempo moi amplo.

## Infraestructura

### Medios materiais de primaria

#### Aulas ordinarias

Aula	PC	Portátil	Cañón	Piz. branca	PDI
Infantil A		Windows	Si		Si
Infantil B		Windows	Si		Si
Infantil C		Windows	Si		Si
1ºA		Windows	Si		Si
2ºB		Windows	Si		Si
3ºA		Windows	Si		Si
4ºA		Windows	Si		Si
4ºB		Windows	Si		Si
5ºA		Abalar	Si		Si
6º A		Abalar	Si		Si
Música	Windows		Si		
Biblioteca	4 Windows		Si		
Inglés		Windows	Si		

#### Aula de informática

Aula	PC	Portátil	Cañón	Piz. branca	PDI
Informática	16 Windows XP		1		

## Sala de profesores

Aula	PC	Impresora	Impresora en rede	Cámara fotos	Scanner
Sala de profesores	2 Windows		1	1	1

## Medios materiais de ESO

### Aulas ordinarias

Aula	PC	Portátil	Cañón	Piz. branca	PDI
1ºA		Abalar	Si		Si
1º B		Abalar	Si		Si
2º A		Abalar	Si		Si
3ºA		AA. Dixi.	Si		Si
4ºA		AA. Dixi.	Si		Si
Música	Windows		Si		
Plástica	Windows		Si	Si	Si
Tecnoloxía	Windows XP		Si		
Biblioteca	2 Windows		Si		Si
Usos múltiples 2		Linux	Si	Si	

### Aula de Tecnoloxía

Aula	Kit pneumática	Impresora 3D	Mblock kit	Raspberry kit	Arduino kit
Tecnoloxía	1	1	6	2	6

### Aula de Informática

Aula	PC	Portátil	Cañón	Piz. branca	PDI
Informática	16 Windows		1	Si	
Informática 2		9 Windows	1	Si	

## Sala de profesores

Aula	PC	Impresora	Impresora en red	Cámara fotos	Scanner
Informática	3 Windows		1	1	1

## Equipamento Abalar do centro

Etapa	Ultraportátiles	Carro cargador	Servidor
Primaria (5º e 6º)	13+18 Abalar obsoletos	2	
ESO (1º e 2º)	24+26 Abalar obsoletos	3+1 roto	
Todo o centro			1

## Administración

Aula	PC	Impresora	Teléfono
Dirección	Windows	1	1
Secretaría	Windows	1	1
Xef Primaria	Windows	1	1
Xef ESO	Windows	1	1
Orientación	Windows	1	1
Administración	Windows	1	1

## Medios informáticos

### Comunicación e difusión de informacións

Espacio	Admin	Docentes	Pais	Alumnos/as
Páxina web do centro	Lectura/ Modificación	L/M	L	L
Galería	L/M	L	L	L
Correo electrónico	L/M	L/M		
Grupo de Whatsapp	L/M	L/M		
TokApp	L/M	L/M	L	
Blog de biblioteca Primaria	L	L/M Coordinadora	L	L
Blog de biblioteca ESO	L	L/M Coordinadora	L	L

### Docencia

Espacio	Admin	Docentes	Pais	Alumnos
Aula Virtual	L/M	L/M		L/M
Espacio Abalar	L/M	L/M		L/M



## Liderado e gobernanza

Existe un protocolo de uso relativo ao uso dos equipamentos Abalar que forma parte das NOF. Recóllense todos os aspectos relativos ao bo uso, responsabilidade e organización do material Abalar.

Non hai unha estratexia dixital na que se definan os seguintes puntos:

Comunicación centro – familias.

Comunicación centro – equipo docentes.

Propiedade das redes sociais. Como traspasar as contas cando os docentes responsables marchan do centro.

Comunicación de incidencias TIC usando unha canle TIC.

Substitución, reparación ou adquisición de material tecnolóxico.

Propiedade, modificación, importación de cursos na AV.

## Funcións e responsabilidades

Existe un coordinador TIC que imparte clases en ESO. As funcións que ten asociadas agora mesmo son:

- A coordinación e seguemento do Plan TIC.
- Mantemento de equipos e instalacións TIC.
- Facilitar ao profesorado interesado unha conta para que poida engadir contidos, ademais de prestarlle a axuda que necesite.
- Axudar aos compañeiros/as nas dificultades que atopen a hora de empregar as novas tecnoloxías nas aulas.
- Coordinar o emprego dos equipos informáticos e audiovisuais.
- Fomentar o emprego das TICs.
- Fomentar a formación do profesorado neste campo, informando dos cursos de formación e proponendo grupos de traballo .
- Detectar as carencias no emprego das TIC e propoñer solucións.
- Detectar as necesidades, tanto de hardware como de software
- Elaborar a memoria final ao rematar o curso

## Procesos de ensino e avaliación

Está habilitado para todos os niveis e todas as materias un curso na AV para que o responsable deseñe, suba e empregue os recursos e as actividades que considere precisas.

Todos os docentes fixeron dous cursos no centro sobre uso de AV. Manexo básico e creación de tarefas.

Na aula de informática de primaria, logo da pandemia, o uso está reducido.

En ESO a aula de informática 1 ten un uso moderado. Emprégase tódolos días dúas horas. A aula de informática 2 ten un uso algo inferior. Nesta aula, polo seu tamaño, só é utilizada polo alumnado dalgunha optativa de 3º ESO , 4º ESO e polo lumnado de reforzo de 2º ESO.

Non se fixo nada relativo a avaliación con tecnoloxías dixitais.

## Autoavaliación SELFIE

SELFIE é unha iniciativa da Comisión Europea financiada a través do programa Erasmus. Esta ferramenta foi desenvolvida por un equipo de expertos de centros educativos.

Recolle, de xeito anónimo, as opinións do alumnado, do profesorado e o persoal directivo dos centros educativos sobre o modo en que se emprega a tecnoloxía no centro. Para eso se utilizanse preguntas e afirmacións breves e unha escala de valoración do **1 ao 5**.

A través desta ferramenta o centro pode coñecer os seus puntos débiles, que aspectos son mellorables e que priorizar no proceso de transformación.

A ferramenta SELFIE pode axudar a que un centro tome as decisións con máis claridade mediante a revisión e a mellora continua.

SELFIE é personalizable: ademais dunha base de preguntas xerais comúns a todos poden engadirse cuestións que interesen especificamente a un centro. Nós, neste primeiro SELFIE non engadimos ningunha cuestión a maiores.

SELFIE é privada, non recolle ningún dato persoal. De moi fácil acceso. So é necesario un enlace para todos os usuarios que queiran participar e se lles pode facer chegar de diversas formas. Empregamos a páxina web do centro e a aula virtual para facer accesible o enlace.

A enquisa traballa con oito categorías destacadas con diferentes cores:

A – Liderazgo

B – Colaboración e redes

C - Infraestructuras e equipos

D – Desenvolvemento profesional continuo

E – Pedagogía: apoios e recursos

F – Pedagogía: implementación na aula

G – Prácticas de avaliación

H – Competencias dixitais do alumnado

Pasamos a enquisa SELFIE na primeira quincena de novembro de 2021 ao equipo directivo, aos docentes e a todo alumnado con obriga de seguir a docencia pola Aula Virtual en caso de confinamento (3º primaria ata 4º ESO).

Áreas	Grupos	Ensinanza	
		Primaria	ESO
A - Liderado	Equipo directivo	2,6	2
	Profesorado	3,4	3,4
	Alumnado		
B – Colaboración e redes	Equipo directivo	2,5	1,9
	Profesorado	3	3,1
	Alumnado	3,4	2,8
C – Infraestructuras e equipos	Equipo directivo	3,7	3,5
	Profesorado	3,7	3,8
	Alumnado	3,5	3,3
D – Desenvolvemento profesional continuo	Equipo directivo	3,1	3,2
	Profesorado	3,6	3,3
	Alumnado		
E – Pedagogía: Apoio e recursos	Equipo directivo	4	4,3
	Profesorado	3,7	4,1
	Alumnado		3,9
F – Pedagogía: Implementación na aula	Equipo directivo	3	3,3
	Profesorado	3,3	3,4
	Alumnado	3,5	3
G – Prácticas de avaliación	Equipo directivo	2,8	2,7
	Profesorado	2,3	2,8
	Alumnado		2,6
H – Competencias dixitais do alumnado	Equipo directivo	3,6	3,8
	Profesorado	3,3	3,8
	Alumnado	3,8	3,3

## Resultados do test de competencia dixital docente

Durante o mes de febreiro do curso 2021-22 a Consellería de Educación puxo a disposición dos centros outra ferramenta de diagnose: o test de competencia dixital docente (Test CDD). A través da plataforma fprofe todos os docentes cubriron a enquisa que valoraba o seu grao de competencia en materia dixital.

As competencias mídense en torno a seis áreas ou competencias seguindo o marco europeo de organizacións dixitalmente competentes (DigCompOrg) e permite obter un informe individual coa valoración global do seu nivel competencial (A1-C2)

As competencias son:

1. Compromiso profesional
2. Recursos dixitais
3. Ensino e aprendizaxe
4. Avaliación
5. Capacitación do alumnado
6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado

Participación segundo o perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% de participación
Definitivo	21	23	91,3%
Interino	4	5	80
Outros	1	1	100
Provisional	3	3	100
Substituto	4	4	100

Puntuación e nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
86,7	Integrador (B1)	76,4	Integrador (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	68,4	Integrador (B1)	68,2	Integrador (B1)
Primaria	70,2	Integrador (B1)	77	Integrador (B1)
ESO	105,4	Experto (B2)	79,2	Integrador (B1)

Distribución do profesorado por niveis:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	11	33,3%
Integrador/a (B1)	10	30,3%
Experto/a (B2)	6	18,2%
Líder (C1)	5	15,2%
Pioneiro/a (C2)	1	3%
Total	33	100%

Distribución do profesorado por niveis dentro de cada competencias

	A1	A2	B1	B2	C1	C2	Total
1 Compromiso prof.	0%	21,2%	39,4%	24,2%	12,1%	3%	100%
2 Recursos dixitais	3%	24,2%	30,3%	27,3%	15,2%	0%	100%
3 Ensino e aprendizaxe	15,2%	36,4%	12,1%	24,2%	12,1%	0%	100%
4 Avaliación	21,2%	24,2%	18,2%	27,3%	9,1%	0%	100%
5 Capacitación do alumnado	12,1%	36,4%	12,1%	21,2%	15,2%	3%	100%
6 Desenvolv. comp. dix. do alumnado	12,1%	33,3%	21,2%	18,2%	12,1%	3%	100%

## Análise DAFO

A análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades) é unha ferramenta que permite analizar a situación dun ente considerando diferentes factores. Estes factores agrúpanse en catro categorías segundo sexan internos-externos e positivos-negativos.

	Internos	Externos
Positivos	Fortalezas	Oportunidades
Negativos	Debilidades	Ameazas

Logo de facer a enquisa SELFIE que xera unha instantánea do estado do Centro educativo analizaremos os resultados e escolleremos os valores máis destacados en cada unha das oito categorías (desde a A - Liderazgo ata a H – Competencias dixitais do alumnado) . Os valores poden destacar por ser moi altos, nese caso serán Fortalezas, ou por ser moi baixos, nese caso serán Debilidades.

Por debaixo do valor de 2,5 na enquisa SELFIE (que toma valores de 0 ata 5) considerámolo baixo. De xeito similar, para os valores que superan o 4 na enquisa SELFIE os anotaremos como posible Fortaleza.

Para o test de Competencia Dixital Docente faremos algo semellante. Destacaremos os valores que se separen da media tanto para o lado positivo como para o negativo.

A finalidade última da análise DAFO é aclarar a dirección que se debe tomar para conseguir catro efectos: corrixir debilidades, afrontar ameazas, manter fortalezas e explotar oportunidades.

		FORTALEZAS
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	C.1 A infraestrutura dixital respalda o proceso ensino – aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. - C.2 Existen dispositivos dixitais para o ensino. Existen dispositivos dixitais para usar na aula Asistencia técnica suficiente por parte do coordinador TIC
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	E.1 Búscanse recursos educativos en liña. E.4 Os docentes empregan tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo TCDD. A competencia dixital docente é superior á media TCDD. ⅔ dos docentes están nun nivel igual ou superior ao integrador (B1) – Acceso por parte do profesorado a posibilidade de DPC (Desenvolvemento Profesional Continuo) Uso de contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado Realización de actividades de aprendizaxe dixitais que motivan ao alumnado Fomento da creatividade do alumnado Adaptación do método de ensinanza ás necesidades do alumnado Creación de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza

	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	O persoal non docente ten equipos informáticos con conexión a Internet á súa disposición
	<b>ALUMNADO</b>	H.3 O alumnado aprende a actuar de maneira segura e responsable en internet. - H.6 No centro o alumnado aprende a comunicarse empregando tecnoloxías dixitais. - Ratios baixas O alumnado aprende a comprobar si a información atopada en internet é fiable e precisa O alumnado da crédito ao traballo doutras persoas O alumnado aprende a crear contidos dixitais O alumnado ten acceso a dispositivos fora do centro educativo
	<b>FAMILIAS</b>	Conectividade por medios dixitais (Tokapp) moi extendido coas familias O 100% das familias dispoñen dalgún dispositivo dixital con acceso a Internet Reciben información do centro e do profesorado por diversas canles dixitais
	<b>OFERTA</b>	
	<b>ORGANIZACIÓN DE CENTRO</b>	Comunicación regular e ben organizada coas familias e/ou o profesorado O profesorado conta co apoio do equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.

		<b>DEBILIDADES</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	C.7 Hai discrepancia entre equipo directivo e docentes sobre a existencia dun sistema de protección de datos Non están actualizados os equipamentos e as redes.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	B.2 O equipo directivo non percibe debate sobre vantaxes e desvantaxes do uso das tecnoloxías dixitais no proceso ensino – aprendizaxe B.3 No noso centro non empregamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións. D.1 O equipo directivo cre que non debate o suficiente sobre as necesidades de DPC no relativo a ensino con tecnoloxías dixitais. D.3 O equipo directivo cre que non axuda ao profesorado a que intercambien experiencias na comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. F.6 Non se fomentan os proxectos interdisciplinares empregando tecnoloxías dixitais. G.3 Non se empregan tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación ao alumnado. G.5 Non se empregan as tecnoloxías dixitais para que o



		<p>alumnado reflexione sobre o seu aprendizaxe.</p> <p>G.6 Non se fomenta que o alumnado poida realizar observacións constructivas sobre o traballo dos seus compañeiros empregando tecnoloxías dixitais</p> <p>TCDD. A competencia dixital docente de primaria está por debaixo da media de Galicia</p> <p>Non se promove o uso das tecnoloxías dixitais con fins de avaliación</p> <p>Non existe reflexión sobre TICs</p> <p>Intercambio inexistente de experiencias dentro do centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>Uso escaso da tecnoloxía para facilitar a colaboración e o traballo en grupo do alumnado</p> <p>Falta de tempo que limita o uso das tecnoloxías</p>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	<p>Unha parte do persoal non docente ten unha competencia dixital nula ou baixa</p> <p>Non teñen acceso ás actividades de formación ofertadas polo centro</p> <p>Nalgúns casos a súa motivación polo uso das tecnoloxías dixitais é nula ou escasa</p>
	<b>ALUMNADO</b>	<p>Máis da metade do alumnado di que usa as tecnoloxías dentro do centro menos dunha vez por semana</p> <p>Baixo uso da tecnoloxía fóra do centro con fines de aprendizaxe</p> <p>Pouca competencia dixital que limita o uso das tecnoloxías -</p> <p>O alumnado usa moito a tecnoloxía na casa para o ocio</p>
	<b>FAMILIAS</b>	<p>Baixa competencia dixital das familias</p> <p>Na maioría dos casos sempre é o mesmo proxenitor o que se comunica dixitalmente co centro ou co profesorado</p> <p>Falta de control parental sobre o uso de Internet e as redes sociais dos seus fillos/as</p>
	<b>OFERTA</b>	
	<b>ORGANIZACIÓN DE CENTRO</b>	<p>A.1 O centro non ten unha estratexia dixital</p> <p>Páxina de centro con formato obsoleto, pouco atractiva, pouco activa.</p> <p>Non existe certificación en competencias dixitais</p> <p>Insuficiente política de protección de datos</p>

		<b>OPORTUNIDADES</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Oferta de iniciativas que fomentan o uso de tecnoloxías dixitais no ensino
	<b>LEXISLACIÓN</b>	Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e FP, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos

	<b>ANPA</b>	Programación de cursos de formación a través da escola de nais e pais Oferta de actividades extraescolares para a mellora da competencia dixital do alumnado
	<b>CONTORNA</b>	Instalación de puntos WiFi gratuítos de acceso a Internet en diferentes puntos do Concello de Val do Dubra
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	Participación en proxectos europeos para comunicarse, colaborar, desenvolver proxectos,... (eTwinning) Existen bastantes entidades e organizacións de diferentes sectores coas que o centro interacciona habitualmente

		<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Excesivo traballo burocrático Asistencia técnica inexistente ou insuficiente por parte da administración pública Rede de internet moi defectuosa Conexión a internet inestable e pouco fiable que limita o uso das tecnoloxías
	<b>LEXISLACIÓN</b>	Cambios frecuentes na lexislación No centro non se incide na protección dos dereitos de autor e a propiedade intelectual ao empregar tecnoloxías dixitais para o ensino C.7 Os sistemas de protección de datos son mellorables
	<b>ANPA</b>	Non inclusión de actividades relacionadas coas tecnoloxías dixitais nas actividades extraescolares programadas para o alumnado Nos últimos dous cursos non fixeron actividades extraescolares debido á pandemia da Covid19
	<b>CONTORNA</b>	Dificultades de acceso a Internet nalgunhas aldeas
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	

### Selección de obxectivos

Para non perderse con toda a información da análise DAFO empregaremos a seguinte estratexia:

Paso 1. **Revisamos** os resultados do informe SELFIE. Xa temos unha imaxe global do centro e agora imos seleccionar 2-3 áreas nas que centrarnos. Escollemos as categorías que teñen peor resultado global e que cada un dos seus elementos teña un valor baixo para todos os grupos que facían a enquisa.

Paso 2. **Investigamos** os elementos do SELFIE seleccionados no paso anterior para comprender os problemas do centro en materia dixital. Volvemos a poñer en común, dentro do grupo de traballo, os puntos máis destacados coa vista en definir obxectivos e deseñar accións que se poidan desenvolver nun ano.

Paso 3. **Establecemos prioridades** e modulamos as expectativas pensando en obxectivos alcanzables nun curso. Non consideramos posibles obxectivos que non sexan viables (exemplo: renovación dos equipos Abalar obsoletos por parte do Centro).

# Plan de acción

## Obxectivos, indicadores e actuacións

Área de mellora: A – Liderazgo						
Obxectivo 1	Dixitalizar a comunicación interna no centro (A2)			Acadado		
Responsable:	Equipo directivo / Coordinador TIC			Non acadado		
Indicador do obxectivo	% de utilización dos procedementos e das ferramentas dixitais indicadas nos protocolos dixitais de comunicación interna					
Valor de partida	0% ( non existen protocolos para a comunicación dixital interna)					
Valor previsto e data	O 90% das comunicacións internas realizaranse de forma dixital, empregando as ferramentas e procedementos indicados nos protocolos			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1 Elaboración dos protocolos de comunicación dixital interna.(Protocolo acollida profesorado de nova incorporación, comunicación incidencias TIC,...)	Equipo do plan dixital	22/12/2022	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2 Difusión dos protocolos de comunicación interna entre o profesorado, persoal non docente e alumnado	Equipo do plan dixital	31/01/2023	Conexión a Internet, ordenadores, correo electrónico e AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.3 Utilización dos protocolos de comunicación interna polo profesorado, persoal non docente e alumnado	Xefes de estudos	22/06/2023	Equipos con conexión a Internet, ordenadores, correo electrónico e AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: A – Liderazgo			
Obxectivo 2	Dixitalizar a comunicación externa do centro (A1)	Acadado	
Responsable	Equipo directivo	Non acadado	
Indicador de obxectivo	% de utilización dos procedementos e das ferramentas dixitais indicadas nos protocolos dixitais de comunicación externa		
Valor de partida	0% (non existen protocolos para a comunicación dixital externa)		
Valor previsto e data	O 100% das comunicacións externas de centro realizaranse de forma dixital, empregando as ferramentas e procedementos indicados nos protocolos	22/06/2023	

#### ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1 Elaboración dos protocolos de comunicación dixital externa	Equipo do Plan Dixital	22/12/2022	Ordenadores		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2 Difusión dos protocolos de comunicación externa entre o equipo directivo, o profesorado e as familias	Equipo do Plan Dixital	31/01/2023	Conexión a internet, correo, ordenadores, Abalar, TokApp, AV, páxina Web, redes sociais		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.3 Utilización dos protocolos de comunicación externa polo equipo directivo, profesorado e familia	Director	22/06/2023	Equipos con conexión a Internet, correo, Abalar, TokApp, AV, redes sociais, páxina web		Realizada
					Aprazada
					Pendente

#### Área de mellora: G-Prácticas de avaliación

Obxectivo 3	Empregar tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades dos alumno/as (G1)	Acadado	
-------------	--	---------	--

Responsable:	Xefaturas de estudos			Non acadado		
Indicador do obxectivo	Porcentaxe de cursos e materias con cualificación (mínimo de 5%) procedente da avaliación a través da AV a partir de 3º primaria					
Valor de partida	1%					
Valor previsto e data	80% dos cursos e materias			Fin curso 2022-23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1 Solicitud dun GT para formación en “ferramentas de avaliación na Aula Virtual”	Coordinador TIC	22/12/2022	Solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2 Creación categorías e subcategorías para a xestión das cualificacións	Profesorado	31/03/2023	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3 Aplicación ao alumnado das ferramentas de avaliación	Profesorado	22/06/2023	Equipo informático para cada alumno/a que substitúa os Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Área de mellora: F- Pedagogía: implementación na aula

Obxectivo 4	Fomentar os proxectos interdisciplinares empregando tecnoloxía dixitais (F.6)	Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC	Non acadado	
Indicador do obxectivo	Nº de actividades publicadas na páxina web “remexendo no pasado” creada para este obxectivo		
Valor de partida	0		
Valor previsto e data	1 actividade publicada por cada sección do proxecto (infantil, primaria 1º-3º, primaria 4º-6º e Departamentos ESO participantes)	22/06/2023	

#### ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO4.1 Diseñar proxecto para participar no programa Polos creativos	Equipo Dinamización Plan Dixital	22/06/2022	Solicitud		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.2 Participar na formación ofertada para o proxecto	Profesorado	22/12/2022	Solicitud		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.3 Organizar e configurar o espacio físico dos Polos creativos	Profesorado	31/03/2023	Material didáctico. Espacio físico dos Polos creativos		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.4 Realización das actividades de cada acción do proxecto	Profesorado	22/06/2023	Espacio web para publicar		Realizada



## Necesidades de equipamento e infraestructuras tecnolóxicas

Non existen necesidades de infraestructuras tecnolóxicas

As necesidades de equipamento son por obxectivos e actuacións:

- Obxectivo 1: non é necesario nova dotación de equipamento
- Obxectivo 2: non é necesario nova dotación de equipamento
- Obxectivo 3: Precisamos as seguintes necesidades por curso
  - **Renovación de todos os ultraportátiles Abalar de 5º EP, 6º EP e 1º ESO, 2º ESO** (expedientes de 2010-2013). Estes equipos non soportan as imaxes máis recentes (Abalar 8) e por tanto os navegadores non están actualizados. Os tempos de encendido son moi largos e algún software non vai coa soltura desexable.
  - Dentro do mesmo obxectivo sería desexable **dotar a 3º e 4º ESO dun equipo individual** para cada alumno/a.
  - **En 3º e 4º Primaria** sería necesario dotar aa aula de informática de primaria con equipos máis modernos.

Un proceso de avaliación formativa e continua empregando ferramentas dixitais precisa que todos os alumnos/as teñan acceso en todo momento a un equipo que funcione e responda.

- Obxectivo 4: Precisamos a dotación propia de Polos creativos.

## Avaliación do Plan Dixital

O Plan Dixital do CPI de Bembibre é un documento vivo e dinámico. Debe facerse un seguemento do seu cumprimento según se vaian desenvolvendo as actuacións previstas ao menos unha vez cada trimestre e ten que actualizarse anualmente con novos obxectivos orientados á mellora do centro vinculados á innovación educativa e dixital.

O seguemento e avaliación do P.D. deberá facerse en relación co grao de consecución dos obxectivos establecidos no mesmo.

### Seguimento do Plan de Acción

No contexto da avaliación procesual, a revisión das actuacións establecidas no Plan de Acción seguirá o seguinte procedemento:

En primeiro lugar, os responsables de conseguir os obxectivos establecidos no Plan deberán facer un seguemento do seu desenvolvemento según obxectivos descritos nos mesmos.

En segundo lugar, ao finalizar cada trimestre, deberá reunirse o Equipo TIC / Equipo do Plan Dixital do CPI para facer unha valoración de conxunto. Nesta revisión, os aspectos a valorar serán:

- O estado de execución das accións en relación á temporalización prevista
- A análise e valoración dos resultados das accións previstas xa rematadas

- As posibles modificacións das accións en curso
- As propostas de mellora, de ser o caso

## Propostas de mellora (revisión)

No mes de xuño, nas semanas finais do curso, deberá levarse a cabo a avaliación final e unha revisión do Plan de Acción.

A este fin deberá facerse unha reunión do Equipo do Plan Dixital do CPI na que se proceda a valorar o estado das accións establecidas no plan (realizada / aprazada / pendente) e o logro dos obxectivos previstos (acadado / non acadado). Tras desenvolver este análise deberánse establecer, indicar as propostas de mellora do Plan Dixital do centro para o seguinte curso que como mínimo deberá conter:

- A realización das accións que foron aprazadas e/ou quedaron pendentes do curso anterior coas modificacións pertinentes tras analizar e solucionar os motivos do seu retraso ou non realización

## Difusión do plan

Este plan será publicado na páxina web do centro logo da súa aprobación polo Consello Escolar. Deixarase copia accesible aos membros do Claustro segundo se regule no protocolo de comunicación interna e faráse chegar ás familias segundo se regule no protocolo de comunicación externa.